



## **A APDR DENUNCIA NO XULGADO DE GARDA A REALIZACIÓN DE NOVOS RECHEOS ILEGAIS NO PORTO DE MARÍN**

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) ven de interpoñer no Xulgado de Garda de Pontevedra unha denuncia contra as obras que se están realizando no Porto de Marín e que teñen por obxectivo a realización de novos recheos e dragados na zona portuaria e o seu contorno. Como anexo á denuncia, a APDR xunta copia das declaracións efectuadas pola Autoridade Portuaria nas que insiste na decisión de continuar cos recheos, e fotos das obras que xa se están a efectuar. A realización destes novos recheos supón un ataque aos ecosistemas da Ría e ten efectos sumamente prexudiciais tanto para os recursos naturais como para a economía dos mariscadores e pescadores que teñen na explotación destes recursos o seu medio de vida. Pero supón tamén un ataque frontal á legalidade, ao entrar en contradicción con distintas decisións xudiciais.

En primeiro lugar, entra en contradicción coa sentenza do 30 de outubro de 2009 do Tribunal Supremo que anula o Plan especial do porto de Marín declarando ilegais as obras de recheo realizadas ao amparo do dito plan especial condenando á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de Pontevedra e á Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra a retirar os recheos levados a cabo ilegalmente.

Ademais, e contrariamente ao que sostén a Autoridade Portuaria, a Modificación do Plan especial non aporta cobertura legal aos recheos realizados nin aos que agora se pretenden realizar no Porto de Marín; así o certifica o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 10 de setembro, que ordena retirar os recheos realizados ao amparo do Plan e da súa modificación non admitindo a posibilidade de legalizalos. No mesmo sentido sentencia o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra o 28 de outubro de 2010.

E desde a Autoridade Portuaria levan anos realizando distintas manobras co obxecto de seguir levando a cabo recheos e dragados que inciden nas mesmas irregularidades que os declarados ilegais xudicialmente.

En base a estas irregularidades e incumprimentos, desde a APDR denunciámos este comportamento ilegal da Autoridade Portuaria solicitando a paralización de calquera actuación encamiñada á realización de novos recheos e dragados, mesmo aquelas previas ao seu comezo, e esiximos o cumprimento das sentenzas que obrigan á eliminación dos recheos, ordenando aos responsábeis a retiralos.

Pontevedra, 18 de novembro de 2010.

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.